

CUARTA REUNIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR PARA O PROCESO DE SELECCIÓN CONVOCADO PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE XERENTE DO CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DE A CORUÑA

REVISIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS Á PROBA DE IDIOMA GALEGO

Na Sala de reunións da Concellería de Emprego do Concello de A Coruña, sita no Palacio Municipal, Praza de M^a Pita s/n, ás 8.30 horas do día 27 de maio de 2016, previamente convocados, reúnese o Tribunal Cualificador (en diante, o Tribunal) que ha de avaliar as alegacións presentadas e achegadas documentalmente polos aspirantes para a cobertura da praza de Xerente do Consorcio de Turismo e Congresos de A Coruña (en diante, o Consorcio) e proceder á valoración das mesmas, en relación ás probas de idiomas, así como poñer en coñecemento do Tribunal a corrección do erro material en relación á publicación da listaxe definitiva de candidaturas admitidas e excluídas tras ás probas de idiomas así como do recurso de alzada presentado por un candidato que resultou rexeitado.

Asistentes:

- Presidenta: Dna. Sagrario Ron López
- Vogal: D. Jesús Casás López
- Vogal: Dna. Ana Agras Gómez
- Vogal: D. Rafael Benito Cases
- Secretario: D. Manuel José Díaz Sánchez

Asiste, como persoal técnico:

- Dna. Alejandra Cueto Cibeira, Asistente de Relacións Externas nos Museos Científicos, para o asesoramento en linguas estranxeiras ao Tribunal.
- Dna. M^a Ángeles Pinell Cienfuegos, Administradora do Consorcio, en funcións de apoio a Secretaría do Tribunal.

1. DACION DE CONTA DE CORRECCION DE ERRO MATERIAL

Dáse conta da corrección de erro efectuada con data 12 de maio de 2016 e que foi obxecto de publicación na paxina web do Consorcio e que se transcribe de seguido:

“Detectado erro material na publicación da listaxe definitiva de candidaturas admitidas e excluídas para a cobertura dunha praza de Xerente do Consorcio de Turismo e Congresos de A Coruña (en diante, o Consorcio), consistente en que figura na referida listaxe co nº 10

Dna. Ana Sánchez Vigón que formulou renuncia a través dun correo electrónico de data 10 de maio de 2016 e non compareceu ás probas de aptitude ás que estaba convocada, cómpre efectuar con carácter de urxencia a rectificación da listaxe referida, dando conta ao plenario do Tribunal Cualificador na primeira reunión que se celebre do mesmo, achegándose como anexo á presente dilixencia copia do correo electrónico mencionado.

O que se rectifica de conformidade co disposto no art. 105.2 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, publicándose na web do Consorcio na mesma data.

A Coruña, 12 de maio de 2016

*Dna. Sagrario Ron López
Presidenta do Tribunal Cualificador*

*D. Manuel José Díaz Sánchez
Secretario do Tribunal Cualificador”*

Polo Tribunal, e por unanimidade ratifícase a dilixencia antecitada e tómase en razón da mesma, apreciando as razóns de urxencia da mesma.

2. INFORME DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DUNHA PRAZA DE XERENTE DO CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS AO RECURSO DE ALZADA DE D. JULIO MANUEL FERNANDEZ DE LA IGLESIA

Visto escrito con entrada o 25 de maio de 2016 de recurso dealzada interposto por D. Julio Manuel Fernández de la Iglesia fronte a publicación do listado definitivo de excluídos na convocatoria da praza epigrafiada, de conformidade co disposto no art.114.2 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das Administracións Publicas e do Procedemento Administrativo Común, emítese o seguinte,

INFORME:

Con data 4 de maio de 2016 reuniuse o Tribunal para resolver sobre as alegacións formuladas á lista provisional de admitidos, previa á celebración das probas de idioma procedentes.

Na mesma, por unanimidade adoptáronse , en execución das bases os seguintes criterios para a resolución das alegacións presentadas, a mais de ratificar o expresado na sesión anterior deste órgano selectivo:

“Para a valoración das alegacións ou reclamacións formuladas, e a súa resolución a mais do disposto nas bases reguladoras e en interpretación das mesmas, seguirase tamén o criterio motivado seguinte:

- a) *Para os candidatos concorrentes procedentes do sector privado turístico, o da xustificación do contido directivo efectivo, propio das súas funcións directivas superiores que ordinariamente deberan vir acompañadas da existencia indicativa dun contrato de alta dirección, característico das funcións directivas nas empresas privadas, nivel retributivo acreditado en consonancia coas funcións, código de cotización, relevancia efectiva das labores desenvolvidas, etc., interpretados conxuntamente, non admitíndose neste concepto aqueles postos ou traballos en que tal función directiva, de rango superior coas características que reviste, non veñan dabondo acreditadas pola practica e usos do sector, a mais da documental achegada.*
- b) *Para os candidatos concorrentes procedentes do sector público (administracións, sociedades públicas, entes instrumentais, etc.) estarase igualmente as características e funcións do posto de traballo desempeñado como directivo público, propio das funcións directivas superiores, segundo o disposto para a súa cualificación nas normas estatais ou autonómicas de aplicación, e da xustificación do contido directivo efectivo das súas funcións que ordinariamente deberan vir acompañadas da existencia indicativa dun contrato de alta dirección, característico das funcións directivas nas empresas públicas, ou nomeamentos efectuados, nivel retributivo acreditado en consonancia coas funcións, código de cotización, relevancia efectiva das labores desenvolvidas, etc., interpretados conxuntamente, non admitíndose neste concepto aqueles postos ou traballos en que tal función directiva, de rango superior, coas características que reviste, non veñan dabondo acreditadas pola práctica e usos do sector público, a mais da valoración documental achegada, ou cando se trate, no seu contido, de tarefas de colaboración ou de mera execución material das decisións de órganos unipersoais ou colexiados, a tenor da dependencia xerárquica característica das administracións públicas."*

Consta no expediente que, de oficio, polo Consorcio aportáronse dúas certificacións referidas ao aspirante que formula o recurso, de datas 26 de abril de 2016 e 3 de maio de 2016, que foron tidas en conta polo Tribunal para a valoración aos efectos do recoñecemento, ou non, do carácter directivo das funcións do aspirante. De feito, aínda que non se reflectira na acta, procedeuse na deliberación, á lectura de ámbalas dúas certificacións e a valoración de que as tarefas desenvolvidas polo candidato non tiñan carácter directivo segundo a natureza das mesmas e a incardinación do traballador na estrutura dunha entidade pública administrativa como é o Consorcio.

Tense que informar, polo tanto, respecto á petición formulada no recurso de alzada con carácter subsidiario da petición principal, de que se outorgue un prazo de dez días para a aportación do certificado de méritos e servizos prestados no Consorcio, que

tales certificados, xa figuran no expediente que se achegará a esa Presidencia do Consorcio e que, coñecidos e debatidos polo Tribunal, xa foron tidos en conta para a resolución adoptada.

Polo tanto, no que atinxe a petición principal formulada, e vistos os antecedentes documentais existentes:

Visto, que o referido traballador presta os seus servizos como persoal laboral fixo con contrato indefinido a tempo completo, ocupando unha das dúas prazas de promotores do Consorcio, de conformidade co cadro de persoal do mesmo, existindo un único posto de persoal de alta dirección, que é o de Xerente do Consorcio. O Consorcio, como organismo autónomo dependente dunha entidade local (Concello de A Coruña), sometida ao réxime de municipio de gran poboación, a que se refire o Título X da Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local, artigo 130.2, implica que: terán tamén a consideración de órganos directivos os titulares dos máximos órganos de dirección dos organismos autónomos tendo esta consideración, unicamente o Xerente do Consorcio .

Visto que o contrato de traballo do referido solicitante, foi formalizado coa categoría de auxiliar administrativo, co obxecto contractual de promoción turística da Coruña, con data 1 de marzo de 1999, e en virtude de Resolución do 18 de marzo de 2004, do Director Xerente do Consorcio e en virtude do cumprimento de cinco anos de prestación de servizos do referido traballador, autorizouse o ascenso do mesmo á categoría de oficial de segunda administrativo, cos efectos económicos correspondentes.

Visto que, por acordo da Xunta de Goberno do Consorcio de data 12 de abril de 2010 en ausencia de Xerente do Consorcio resolveuse encomendar as súas funcións na traballadora responsable da administración da entidade, do xeito que consta e non existen antecedentes documentais, s.e.o.o., da encomenda das funcións a outro persoal do Consorcio, segundo a copia que se anexa.

Considerando que as funcións dos promotores turísticos do Consorcio, exércense baixo a estrita dependencia dos órganos aos que vén atribuído o goberno e administración do mesmo, (Presidencia, Xunta de Goberno e Xerente do Consorcio), segundo a normativa de réxime local e os Estatutos do Consorcio, (artigo 7) únicos que ostentan a capacidade decisoria e resolutiva no mesmo.

Considerando que os traballadores ao servizo do Consorcio, e especificamente os promotores turísticos do mesmo, por tanto, desenvolven os seus traballos de colaboración, e execución material, baixo esta relación de dependencia, e seguindo as instrucións que lles veñen dadas polos órganos unipersonales e colexiados aos que vén atribuída a competencia para iso, sen unha capacidade de decisión autónoma, e vindo atribuída a responsabilidade dos actos e acordos que se adopten aos órganos que teñen a capacidade para iso (Presidencia, Xunta de Goberno e Xerencia), e que se materializan nos actos e acordos

administrativos que se adoptan, cuxa execución corresponde ao Xerente, de conformidade co disposto no artigo 17.2.b), c) e e) dos Estatutos que establecen como atribucións do mesmo, entre outras:

- b) *“Executar con eficacia e celeridade os acordos e resolucións que se adopten na esfera das súas respectivas competencias polos órganos do Consorcio.*
- c) *Realizar as xestións que en cada caso, esixía a consecución dos obxectivos fixados nestes Estatutos para o fomento do turismo local, canalizando as iniciativas alleas e achegando as súas propias.*
- d) *Exercer as facultades que lle deleguen os órganos do Consorcio, nos propios termos en que se concreten as delegacións.”*

Considerando que, como tarefas de colaboración dos promotores turísticos, baixo a dirección do Xerente, atópanse xenericamente a colaboración na execución material dos actos e acordos, ordes e instrucións, que se decidan por parte dos órganos de goberno e administración correspondentes, e a teor do carácter de administración pública que ostenta o Consorcio, as funcións exercidas non poden ser realizadas cunha xestión independente e autónoma dos órganos referidos, aos que vén atribuída a responsabilidade correspondente, efectuando por tanto, a execución material dos mesmos conforme ao sinalado na normativa legal de aplicación que corresponda en cada caso sen que caiba, a ningún efecto, a consideración do desempeño de tarefas ou funcións directivas de ningunha natureza.

Respecto á petición principal, de revogación da exclusión, estimando que as funcións desenvolvidas tiñan carácter directivo, este Tribunal informa desfavorablemente á petición formulada, en coherencia cos seus propios actos, toda vez que as tarefas realizadas polo recorrente, de execución material como oficial administrativo e promotor turístico, senón puramente auxiliar e instrumental, nunha Administración Pública, e non é posible consideralas con carácter directivo, en absoluto, toda vez que en ningunha circunstancia, por imperativo legal, podía exercer o interesado un poder inherente á titularidade xurídica do Consorcio, que corresponden aos seus órganos de goberno e administración dos que non forma parte, e tampouco, baixo ningunha circunstancia tiña capacidade para con autonomía e plena responsabilidade ou marxe de independencia nas súas actuacións, adoptar decisión algunha, máis alá de funcións de execución, informe ou proposta, xa que eran as normais de colaboración, seguimento e execución material das decisións de outros (Presidente, Xunta de Goberno e Xerente) únicos lexitimados para efectualo.

3. RECLAMACIÓNS DOS CANDIDATOS EXCLUÍDOS DA PROBA DE GALEGO

Reclamación individual de Dna. Lanzada Calatayud Álvarez (nº de rexistro entrada 99 de data 18 de maio de 2016 (depositada en oficina de correos o 13 de maio de 2016).

Vista a reclamación formulada por Dna. Lanzada Calatayud Álvarez con D.N.I. nº 32.864.026 Q, con data 13 de maio de 2016, (nº de rexistro de entrada 99 relativa a pregunta nº 3 do test da proba de galego celebrada o día 11 de maio de 2016, relativa ao proceso de selección dun/ha Xerente para o Consorcio de Turismo e Congresos de A Coruña (en diante, o Consorcio), e visto que, efectivamente a reclamación é correcta, procédese a anular a valoración da corrección efectuada neste aspecto e, por tanto, tendo un total de 24 respostas correctas, e 6 incorrectas, con un resultado final de 21 puntos, superando polo tanto o mínimo establecido de 20 puntos, e procede a súa inclusión na lista de admitidos definitiva admitíndose por unanimidade a reclamación formulada e pasando a ter a valoración de Apta.

Reclamación colectiva de Dna. Lanzada Calatayud Álvarez, D. Juan Luís Gascó Aznar e D. Moisés Rodríguez Izquierdo (nº de rexistro entrada 98 de data 16 de maio de 2016 (depositada en oficina de correos o 13 de maio de 2016).

Vista a reclamación formulada por Dna Lanzada Calatayud Álvarez con D.N.I. 32.864.026 Q, D. Juan Luís Gascó Aznar, con D.N.I. 22.654.405 A e D. Moisés Rodríguez Izquierdo con D.N.I. 07.864.661 H, pola exclusión efectuada da praza de Xerente do Consorcio, con data 13 de maio de 2016 (nº de rexistro de entrada 98) relativa ás preguntas nº 3, 24 e 30 do test da proba de galego celebrada o día 11 de maio de 2016.

Previa deliberación e co asesoramento de Dna. Alejandra Cueto Cibeira, e considerando que a petición formulada, é en síntese, a da anulación da proba realizada por considerar que contravén os modelos de proba e exames do nivel Celga 4, que deben anularse especificamente preguntas nº 3, 24 e 30 e que se solicita a readmisión provisional dos tres candidatos suxeita á realización dunha nova proba de nivel.

Considerando que a primeira das persoas reclamantes (Sra. Calatayud Álvarez) xa foi admitida definitivamente, ao anularse a pregunta obxecto de recurso pola mesma, polo que decae a súa petición, debe con todo o Tribunal pronunciarse respecto da anulación específica das preguntas alegadas polos outros dous aspirantes e ás restantes peticións formuladas.

Considerando que efectivamente na pregunta número 3, a resposta correcta é a letra b e non a c, procédese á anulación da pregunta referida, e vista a corrección das preguntas 24 e 30, mantense a validez das mesmas e se desestima a petición da súa anulación; sinalándose que especificamente para a pregunta nº 24 a solución é a correcta e para a nº 30 debe considerarse que a morfoloxía é unha parte da gramática, carecendo de relevancia o alegado para desvirtuar nestes apartados a valoración efectuada.

Polo tanto, a tenor do que antecede, a puntuación definitiva correspondente á proba e que determina a exclusión subseguinte dos aspirantes afectados é a seguinte:

D. José Luís Gascó Aznar, con 12 respostas correctas (aínda admitindo como correcta a nº 3), 12 incorrectas e 4 en branco, con un resultado final de 5 puntos, precisando 20 para a superación da proba, polo que se declara non apto na mesma.

D. Moisés Rodríguez Izquierdo, con 11 respostas correctas, 18 incorrectas e 1 en branco, con un resultado final de 2 puntos, precisando 20 para a superación da proba, polo que se declara non apto na mesma

Considerando que non son admisibles as alegacións efectuadas, respecto ao nivel da proba, xa que, aínda que como nivel mínimo de coñecemento do idioma galego esixíase o Celga 4, ou título equivalente, sen necesidade de exame, e en caso de non dispoñer do mesmo a superación dunha proba de nivel, conforme ao previsto nas bases, esta en se mesma, non é equivalente á proba esixida para a obtención en exames públicos do Celga 4, nin o Tribunal está vinculado por como se realicen, e como consecuencia da superación do test aprobado tampouco se expide título algún nin garante o nivel de Celga 4, oral e escrito dos aspirantes conforme ás normas da Xunta, senón que, unicamente é unha proba de nivel de galego, básico para un posto de carácter directivo que terá que utilizalo habitualmente como un dos idiomas oficiais na Comunidade Autónoma no seu traballo, e co nivel mínimo que polo Tribunal estimouse preciso, tecnicamente e que superou, corrixido o erro padecido un dos tres aspirantes.

Faise consta que, de conformidade con disposto no artigo 51.2 da Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia, corresponde entre outros extremos as bases das convocatorias dos procesos selectivos establecer o carácter, e no seu caso a valoración do coñecemento da lingua galega e que a inclusión do exame do galego, do xeito efectuado agás para aquelas persoas que acreditasen o coñecemento da lingua de conformidade ca normativa vixente efectuouse conforme ás Bases da convocatoria e a normativa de aplicación, non sendo un exame de Celga 4 que se rexe pola súa normativa específica senón un exame de galego para persoas que non tiñan acreditado o seu coñecemento no proceso selectivo.

Considerando que o Tribunal por unanimidade, fronte ao que se alega aprobou a corrección efectuada e que se incorporaron como anexo ao Acta as referidas valoracións nos propios exercicios, carecen de relevancia as cuestións formuladas sendo inequívoca a vontade do Tribunal de aprobar esa valoración e de subsecuentemente, nesa data declarar excluídos aos candidatos que non obtiñan a puntuación mínima, carecendo de relevancia algunha a efectos deste procedemento a mención efectuada a algún posible erro gramatical no anuncio publicado.

Considerando que o Tribunal, por tanto, actuou, tanto na selección do exame como na valoración do mesmo, no exercicio das súas atribucións conforme ás bases e que depurado o acto anterior, valorativo dos erros que puidese conter, non procede a repetición da proba senón a anulación da pregunta incorrecta e a revaloración das puntuacións obtidas para os dous candidatos afectados (Sres. Gascó Aznar e Rodríguez Izquierdo), tendo en conta que a outra reclamante (Sra. Calatayud Álvarez foi admitida xa, ao obter a puntuación mínima, nesta mesma sesión e en acto anterior) por unanimidade acórdase:

Primeiro.- A estimación parcial da alegación efectuada, a que se circunscribe este acordo anulando a pregunta 3 e mantendo as 24 e 30, e valorando a mesma, segundo as bases e en beneficio da puntuación que resulte máis favorable e que corresponde aos candidatos reclamantes, cuxa alegación ten razóns obxectivas de subsistencia (Sres. Gascó Aznar e Rodríguez Izquierdo), desestimando a petición formulada de nova proba de nivel.

Segundo.- Aprobar a puntuación en virtude da rectificación practicada, con carácter definitivo seguinte:

- D. José Luís Gascó Aznar: 5 puntos sobre 20 puntos.
- D. Moisés Rodríguez Izquierdo: 2 puntos sobre 20 puntos.


Procede a exclusión definitiva dos antecitados candidatos por no alcanzar a puntuación mínima esixida (20 puntos).

Terceiro.- Elevar a definitiva a lista de admitidos e a súa subseguinte publicación.

Cuarto.- De conformidade coa previsión contida na Base oitava, procédese a fixar a data do día 1 de xuño ás 8.30 horas para a reunión de valoración da primeira fase do proceso selectivo, debendo procederse igualmente á publicación na páxina web do Consorcio.

Sendo as 9.45 horas, dáse por rematada a reunión.

A Coruña, 27 de maio de 2016




ANEXO:

Listaxe definitivo de candidatos admitidos que incorpora a reclamación aceptada e listaxe definitivo de candidatos excluídos.

LISTAXE DEFINTIVO DE ADMITIDOS


NOME	
1	ALCALA BAILLIE, LUIS
2	ALVAREZ GONZALEZ, ASER
3	ALVARGONZALEZ FERNANDEZ, FEDERICO JOSE
4	BARREIRO VAZQUEZ, PABLO
5	CALATAYUD ALVAREZ, LANZADA
6	COSTA CAAMAÑO, LILIANA
7	IGLESIAS RUBIO, TANIA
8	LEDO ARIAS, MARUXA
9	RODRIGUEZ FERNANDEZ, PAULA MARIA
10	RODRIGUEZ MASEDA, JESUS
11	VAZQUEZ SANMARTIN, ANTONIO
12	VILA LOPEZ, MARIA JESUS



Handwritten signatures and initials, including a large signature on the left, a signature in the middle, and a signature on the right.

LISTAXE DEFINITIVO DE EXCLUIDOS

	NOME
1	BERMUDEZ GOMEZ, ANA MARIA
2	BLANCO PEREZ, RAFAEL
3	ESTEVEZ RODRIGUEZ, ANTONIO ALBERTO
4	FERNANDEZ FERNANDEZ, IRIA
5	FERNANDEZ DE LA IGLESIA, JULIO
6	FONTAN CACABELOS, ALBA
7	GASCO AZNAR, JUAN LUIS
8	GOMEZ LEIRAS, ANA
9	KOHLHASS, BETTINA
10	LOPEZ FERREIRO, FEDERICO
11	MARTINEZ SANCHEZ, BELEN
12	POL FERNANDEZ, MARIA PILAR
13	PRADA BOUZO, ANGEL
14	RIVAS IGLESIAS, CARMEN
15	RIVEIRO VARELA, MARCOS GERMAN
16	RODRIGUES SOARES, JACKSON RENNER
17	RODRIGUEZ IZQUIERDO, MOISES
18	RODRIGUEZ MARTINEZ, IRIA
19	ROMERO DACASA, FELICIDAD
20	SANCHEZ VIGON, ANA
21	SANTIAGO BARROS, MARIA
22	UNDANBEITIA ROJO, MARISA
23	VAZQUEZ FALCON, CARMEN MARIA



Handwritten signatures and initials, including a large signature on the left, a signature in the center, and a signature on the right.